

Na comarca costeira do Salnés atópase o **Complexo Intermareal Umia-O Grove**, enseada clasificada como Zona Húmida de Importancia Internacional na que o río Umia e a ría de Arousa son a base dun ecosistema único, elixido por numerosas aves para invernarse e para o tránsito migratorio.

No miradoiro da Siradella, na lagoa da Bodeira ou na praia da Lanzada pódese gozar dunha das paisaxes máis fermosas das Rías Baixas mentres se observan garzas, gaivotas, pilros, píllaras ou mazaricos, entre outras aves. A visita ten paradas obrigatorias coma a enseada do Vao (unha das zonas húmidas máis importantes de Galicia), o xacemento arqueolóxico de Adro Vello, o Centro de Interpretación da Salga ou o istmo da Lanzada.

As **marismas de Alba**, parque natural tamén coñecido como xunqueira do Lérez (Rede Natura 2000), atópanse nunha contorna urbana ao fondo da ría de Pontevedra. Nas súas zonas húmidas áchanse importantes colonias de especies acuáticas coma o picapeixe, o corvo mariño negro, a garza real ou o bilurico das rochas. Esta paraxe de 48 hectáreas é ideal para facer sendeirismo e coñecer a Illa das Esculturas ou para gozar dun momento de relax na natureza durante unha visita a Pontevedra.

A **serra do Galiñeiro** compón outro espectacular lenzo para a observación de aves e o gozo da natureza. Está formada por unha cadea de montañas entre as que se atopa o monte Aloia, clasificado como parque natural desde 1978. Nos seus montes rochosos, que albergan lendas que van desde a época dos celtas ata a dos mouros, pódense observar aves coma a charrela, o miñado común, o cuco, o lagarteiro ou a avelaiona.

No monte Aloia, ademais do percorrido pola súa cuidada senda botánica, é recomendable visitar a capela de San Xulián, que data de 1713, ou admirar, desde os seus fantásticos miradoiros, dúas pontes internacionais, a catedral de Tui ou as localidades portuguesas de Valença e Caminha.

PATRIMONIO

Natural

NA PROVINCIA DE PONTEVEDRA



A provincia de Pontevedra ofrece espazos naturais únicos, tanto na costa coma no interior, para vivir experiencias inesquecibles en lugares de especial importancia ornitolóxica. O estuario do maior río de Galicia, un parque nacional insular, cadeas montañosas e zonas húmidas de importancia internacional conforman un escenario excepcional para a observación de aves singulares durante as catro estacións.

O **esteiro do Miño** é unha extensa zona húmida (1.668 hectáreas), na fronteira entre España (municipios da Guarda e do Rosal) e Portugal, que conta cun importante valor ecolóxico. Forma parte da Rede Natura 2000 e está clasificado como Zona de Especial Protección para as Aves (ZEPA). Nesta formidable contorna rexistráronse ata 200 variedades de aves, entre as que figuran as avefrías, o mazarico chiador ou os biluricos.

Unha das mellores formas de descubrir o esteiro é a través das súas rutas ornitolóxicas, nas que, ademais de observar as aves e gozar da paisaxe, se pode coñecer o modo de vida dos habitantes da comarca do Baixo Miño a través dos fornos cerámicos, as salinas ou os muíños que se atopan no percorrido.



As **illas Cíes** son o corazón do Parque Nacional das Illas Atlánticas e aspiran a ser Patrimonio da Humanidade. Situadas na entrada da ría de Vigo, foron habitadas polo home desde a Idade de Ferro pola súa posición xeoes-tratéxica; mesmo o famoso pirata Francis Drake as usou como base de operacións para atacar as poboacións de Vigo e a súa comarca.

O arquipélago é coñecido hoxe polas súas imponentes praias, coma a de Rodas; os seus fondos mariños, ideais para o mergullo, e a súa flora e fauna, na que destacan as importantes colonias de gaviotas patiamarelas, os corvos mariños cristados, os mascatos, os pombos torcaces ou as rulas, entre outras.



No interior da provincia, as e os amantes da natureza e do *birding* poden gozar da **serra do Candán**, un espazo protexido (Rede Natura 2000) polo seu variado ecosistema, que conta con fragas centenarias, as ribeiras dos ríos Deza e Lérez e monte baixo dominado por especies autóctonas. O Candán é, ademais, valorado por albergar especies en perigo de extinción, coma o bufo real e a aguiá real, e outras máis comúns, coma o azor.

Birding

Os cinco montes desta serra están salpicados dun importante patrimonio etnográfico coma muíños; pontes; as neveiras de Fixó (Forcarei), nas que os monxes do mosteiro de Aciveiro fabricaban xeo, ou as Brañas de Xestoso, un espazo natural de 1.077 hectáreas con zonas de turbeira onde se avistan aves coma a gatafornela, a tartaraña cincenta ou a aguiá cobreira.

PATRIMONIO
Natural

